

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/5

DATA: xoves 31 de marzo de 2022

LUGAR: salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:30 h

PRESIDE Alcaldesa Accidental MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
XOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
TOBIAS BETANZOS REGO
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN
ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ
PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 395,896 exp. 2022/G010/000005

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTAS

- Aprobación Acta nº 1/2022 do Pleno en sesión Extraordinaria do 12/01/2022
- Aprobación Acta nº 2/2022 do Pleno en sesión ordinaria do 27/01/2022
- Aprobación Acta nº 3/2022 do Pleno en sesión EXTRAordinaria URXENTE do 09/02/2022
- Aprobación Acta nº 4/2022 do Pleno en sesión ordinaria do 24/02/2022

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO "MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)" INCLUÍDO NO POS+ADICIONAL 1/2019: 2ª FASE +

3. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A COBERTURA DE PRAZAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN PARA PETICIÓN DE NOVAS TITULACIÓNS PARA O IES FÉLIX MURIEL

5. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO INSTANDO AO GOBERNO ESPAÑOL A RECONSIDERAR O SEU CAMBIO DE POSTURA SOBRE O SÁHARA OCCIDENTAL

6. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRA PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.

7. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVA POLA INVASIÓN DE UCRANIA . R.E. nº 20220000000955 de 24.03.2022

8. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA CONDENAR A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, MOSTRAR A SOLIDARIEDADE CO POBO UCRANIANO E DEMANDAR O RETORNO Á VÍA DIPLOMÁTICA PARA ACADAR A PAZ

9. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE CONDENANDO A INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA

10. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONDENA DA INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA

PARTE DE CONTROL

11. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

- Resolucións de Alcaldía dende o 01/01/2022 ata o 28/02/2022, que comprenden os números 01/2022 ao 160/2022.
- Actas das Xuntas de Goberno Local : Acta nº 2 da Sesión extraordinaria do día 24/02/2022

12. DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2023-25

13. DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN CERTIFICADA DE FACTURAS REMITIDA PARA A SÚA INCLUSIÓN NO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES 2022 (MPP 2022) NA PRIMEIRA FASE DO PROCEDIMENTO

14. ROGOS E PREGUNTAS

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=h3Y_KQLibIw

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTAS

APROBACIÓN ACTA Nº 1/2022 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 12/01/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 1/2022 de 12/01/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 12/01/2022, Acta nº 1/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do

secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

APROBACIÓN ACTA Nº 2/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 27/01/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 2/2022 de 27/01/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/01/2022, Acta nº 2/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

APROBACIÓN ACTA Nº 3/2022 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 09/02/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2022 de 09/02/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 09/02/2022, Acta nº 3/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a

constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

APROBACIÓN ACTA Nº 4/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 24/02/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 4/2022 de 24/02/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 24/02/2022, Acta nº 4/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO “MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)” INCLUÍDO NO POS+ADICIONAL 1/2019: 2ª FASE

Dáse lectura da proposta presentada:

ANTECEDENTES

I. En sesión plenaria do 13 de decembro de 2018 adoptouse o acordo relativo ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos – POS + 2019 que a continuación se transcribe na súa parte dispositiva:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	60.870,37	101.984,92	162.855,29

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	236.754,18
Subtotal gasto corrente	236.754,18

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHÁN – FASE 1, TARAGOÑA	35.640,42	19.268,69	54.909,11
Subtotal investimentos achega provincial 2019	35.640,42	19.268,69	54.909,11

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN DE PISTA A MEIQUIZ E RIAL (1a FASE)	40.487,20	8.812,29	49.299,49
Subtotal investimentos achega provincial 2018	40.487,20	8.812,29	49.299,49

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE TARAGOÑA	93.343,17	5.000,00	98.343,17
REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES	93734,39	5.594,34	99.328,73
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	187.078,56	10.594,34	197.672,90

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
0	0	0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	162.855,29	0	162.855,29

	Achega 2019	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	236.754,18	0	236.754,18
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	35.640,42	19.268,69	54.909,11
	Achega 2018	40.487,20	8.812,29	49.299,49
	Préstamo 2019	187.078,56	10.594,34	197.672,90
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0	0	0
TOTAL	Achega 2019	272.394,60	19.268,69	291.663,29
	Achega 2018	203.342,49	8.812,29	212154,78
	Préstamo 2019	187.078,56	10.594,34	197.672,90
	TOTAL	662.815,65	38.675,32	701.490,97

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	115.138,95
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1	222.357,39
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	168.420,21
TOTAIS	505.916,55

II. Con data 30 de marzo de 2019 recíbese Circular a Deputación da Coruña sobre a elaboración do **POS+ADICIONAL 1/2019** indicándose na mesma que coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2019, no EMC 1/2019 aprobado polo Pleno desta deputación o 1 de marzo de 2019 consignouse a cantidade de 30.000.000,00 €, sometida a unha condición que xa foi declarada cumprida. Dita cantidade distribuíuse entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+, o que se lle comunicou a ese concello mediante a Circular de data 7 de marzo de 2019. Na citada Circular indicábase textualmente textualmente que: *“Tendo en conta que o Pleno dese concello xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos o Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.”*

Esta Alcaldía, de acordo coa competencia outorgada polo pleno no punto 8 do acordo plenario de 13

de decembro de 2018 no que se facultaba a todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, en data de 14.05.2019, mediante Resolución de Alcaldía núm. 456/2019 RESOLVE:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

POS+ADICIONAL 1/2019 - 1ª FASE

PRIMEIRO

Participar na **1ª Fase do** Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **POS+ Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1	115.138,95		115.138,95
DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1	222.357,39		222.357,39
TOTAL	337.496,34		337.496,34

Maior achega provincial asignada ao concello	400.882,62
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	337.496,34
Diferenza pendente para a 2ª Fase	63.386,28

SEGUNDO

Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

III. Non obstante o anterior, **no posterior EMC 2/2019**, aprobado polo Pleno desta deputación o 26 de abril de 2019, consignáronse 9.000.000,00 € máis, o que fai unha maior achega provincial total par o POS+ 2019 de 39.000.000,00€ que tamén se distribuíu entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios do POS+, o que permitiría elaborar o POS+ ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial logo da entrada en vigor do dito EMC 2/2019.

A cantidade que definitivamente lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 1/2019 polo reparto da maior achega provincial por importe de 39.000.000,00 € é a seguinte: CONCELLO POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial (€) Rianxo **400.882,62**. Así conforme ás instrucións indicadas polo ente provincial na Circular mencionada, **o POS+ Adicional 1/2019 aprobarase en dous fases:**

Na 1a fase incluíranse unicamente investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2019, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por este concello, e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+ Adicional 1/2019 presentando a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de

documentación é moi curto, ata o 20 de maio de 2019.

Fase en virtude da cal se adopta a resolución de alcaldía núm. 456/2019 antes sinalada.

Na 2ª fase incluíranse os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019, e deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante, polo que o prazo de presentación de documentación é mais longo, ata o 13 de setembro de 2019.

Conforme á Circular antedita cómpre facer agora un pronunciamento sobor dos novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019 nesa 2ª fase. Considerando que o prazo concedido ao efecto remata o día 13 de setembro de 2019, non dando tempo á incluír o citado punto na orde do día do vindeiro pleno ordinario, esta Alcaldía, oída advertencia de secretaría respecto á necesidade de incorporar informe técnico previo á aprobación do proxecto de obras, así como da necesidade de incorporar a documentación indicada nas bases (Anexos, informes de dispoñibilidade, autorizacións, etc) non obrantes neste momento, de acordo coa competencia outorgada polo pleno no punto 8 do acordo plenario de 13 de decembro de 2018 no que se facultaba a todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, mediante resolución de alcaldía núm. 813/2019 DE 12.09.2019, a Alcaldía RESOLVE:

“1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO	63.300,00€		63.300,00€
TOTAL	63.300,00€		63.300,00€

Maior achega provincial asignada ao concello	400.882,62
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	337.496,34
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	63.300,00

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8.- Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, aos efectos da ratificación do presente acordo.

9.- Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2019

IV. En sesión plenaria de 26.09.2019 no punto 7º da Orde do día, acórdase:

“PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 813/2019, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.”

V. En data de 09.10.2019 con R.E. nº 5040 recíbese o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, a través da plataforma SUBTEL, advertindo unhas deficiencias no proxecto técnico presentado.

Con data de 29.10.2019 con rexistro de entrada nº 5392 recíbese no Concello novo proxecto modificado redactado por Juan Carlos Bastos González, para segundo indica atender ao requirimento de subsanación da Deputación da Coruña.

VI. O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria urxente do xoves 7 de novembro de 2019, aprobou o seguinte acordo: APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DO 28/10/2019 – MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO – (POS + PLAN ADICIONAL 2)

Consta no expediente autorización do consello escolar para a realización de ditas obras.

VII. Con data 27/12/2019 con rexistro de entrada núm. 6236 A Deputación da Coruña comunica a aprobación da 2ª e derradeira fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia Municipal POS + ADICIONAL 1/2019 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. indicando os investimentos que a tal fin foron incluídos no citado Plan

Provincial correspondente ao ano 2019, e indicando: *"Os prazos de contratación execución dos investimentos incluídos nesta 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 foron ampliados no acordo da súa aprobación ata o 30 de novembro de 2020 e 30 de novembro de 2021, respectivamente."*

VIII. En data de 03.06.2020 dítase Providencia de Alcaldía xustificando a necesidade de licitar un contrato de obras para a execución do proxecto técnico MODIFICADO DO 28/10/2019 – MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO – (POS + PLAN ADICIONAL 2), expediente **2019/C003/000004**, dando lugar as correspondentes actuacións administrativas ata chegar á formalización do correspondente contrato administrativo de obras EN DATA DE 11.08.2021 coa empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL, por importe de 61.105,00 (50.500,00 + 10.605,00 € de IVE) por ser a segunda empresa ca mellor puntuación, de acordo ao establecido nos PCAP que rexen a licitación e cun prazo de execución de 6 semanas.

IX. Presentado o C Plan de Seguridade e Saúde da obra e aprobado p por resolución da alcaldía núm. 736/202 de 03.09.2021, con data de 13.10.2021 (R.E. núm 202199900001836) preséntase por Luis Felipe López Saco, en representación da empresa NOVAVIAL, SL, (antes BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL) na sede electrónica do Concello un escrito no que solicitan a rescisión do contrato e a devolución do aval bancario depositado:

"EXPONE

Primero.- Que, en fecha 5 de agosto de 2021, mi representada resultó adjudicataria en el expediente de referencia relativo a la realización de obras de "Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio Xosé Mª Brea Segade de Taragoña en Rianxo". Segundo.- Que, en fecha 12 de agosto de 2021, se firma el correspondiente Contrato entre mi representada y el Concello de Rianxo. Tercero.- De conformidad con los artículos 236 y 237 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público y el PCAP y Elemento del Contrato 18.1. Comprobación del Replanteo, donde se indica que: "Dentro del mes siguiente a la formalización del contrato se efectuará la comprobación del replanteo, en la fecha en que la Administración señale, quedando obligado el contratista, después de la notificación a la dirección del correo electrónico que figura en su oferta, a acudir a este y suscribir el correspondiente acta, de conformidad con el artículo 236 LCSP. Si el contratista no acudiera, sin causa justificada, al acto de Comprobación de replanteo su ausencia se considerará como incumplimiento del contrato, con el carácter de incumplimiento de obligación esencial, dando lugar a la tramitación de un expediente de resolución de contrato."

Cuarto.- Transcurridos 2 meses desde la firma del Contrato, el Concello de Rianxo no ha señalado ninguna fecha ni ha transmitido ninguna comunicación a través del correo electrónico designado por mi representada para la firma del Acta de Replanteo.

SOLICITA que, en cumplimiento de lo dispuesto en el mencionado Elemento del Contrato, proceda a la rescisión del Contrato y a la devolución del aval bancario depositado para su cancelación correspondiente "

X. Con data de 13.10.2021 (R.E. núm 202199900001842) recíbese informe do director de obra , Juan Carlos Bastos González , informe relativo ao estado de execución das obras indicando:

"(...)

En funcións desta labor de director de obra e coordinador de seguridade e saúde tense posto en

contacto ca empresa licitada no contrato. Dentro dos contactos establecidos xa se ten recibido e aprobado o plan de seguridade preciso para realizar as obras licitadas (02/09/2021). Nestes mesmos contactos establecidos a empresa trasladada a preocupación pola subida dos materiais, xa que os prezos que se proxectan son os correctos para unha obra a executar no ano 2019, ano de onde se extraeron as tarifas reflexadas no proxecto, realizado en Outubro do ano 2019. A empresa contratista non volveu a contactar ca dirección de obra, dando por última resposta que están á espera de recibir todos os orzamentos precisos para a execución da obra, para comprobar que poidan executar a obra con prezos que encaixen no mercado e dentro do estipulado en proxecto.

*Na actualidade vense dunha notable subida de prezos de materias de construción, así como dun sobresaínte desabastecemento, como neste caso está sucedendo sobre os paneis plásticos, estruturas metálicas e paneis metálicos con illamento precisos para a obra. Estes prezos poden ter sufrido uns incrementos de polo menos un 50% de media. Nas partidas do proxecto existe unha porcentaxe de case un 70% que está composto por estrutura metálica, paneis translúcidos para a envolvente e paneis sándwich para cuberta. En vistas do descrito, como director de obra pódese informar que a obra vai a sufrir atrasos na súa execución, xa que os compoñentes non están dispoñibles normalmente no mercado e existen a día de hoxe serias dúbidas de que a empresa chegue a conseguir materiais a prezos do ano 2019. Desta forma, pretendendo dar por aclarada a situación existente da execución da obra e quedando a expensas de calquera outra aclaración, asíñase o presente informe en:
Rianxo, a 13 de Outubro"*

9. Á vista a anterior e previa tramitación do oportuno expediente de resolución de contrato con arranxo á normativa correspondente (expediente 2021/X999/001217), mediante resolución de alcaldía núm. 1027/2021 de 03.12.2021 o alcalde, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril e Disposición Adicional II da LCSP, RESOLVE:

"1º.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo de obras denominado "MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO" (expediente contrato de obra 2019/C003/000004) e adxudicado á empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL, con CIF B-70538459 por importe de 61.105,00 (50.500,00 + 10.605,00 € de IVE), hoxe NOVAVIAL S.L. segundo escritura de cambio de denominación social a NOVAVIAL S.L. núm 739 do seu protocolo de data de 03.09.2021 inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña no Tomo 3633, Folio 161, Folla núm. C 56530 Inscripción 3ª en data de 21.09.2021, en aplicación do previsto no artigo 211 c) da LCSP.

2º.- Avocar la competencia de la XGL para a devolución da garantía constituída polo adxudicatario.

3º.- Devolver a garantía definitiva depositada por importe de 2.525,00 € mediante aval bancario núm. 10001212879 de "El Banco de Sabadell, SA" de 29.06.2021.

4º.- Notifíquese o presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

5º.- Déase traslado do presente acordo á Tesourería municipal aos efectos oportunos de devolución do aval."

XI.- Resolto o contrato, e ante a escalada de prezos producida como consecuencia da crise do COVID -19, coa finalidade de executar a citada obra, procede unha revisión do Proxecto de obra "MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO" ante a imposibilidade de licitar un novo contrato cun proxecto cuxos prezos se teñen quedado obsoletos.

Ante esta tesitura, en data de 07.12.2021 (R.E. nº 202199900002131) por encargo de Alcaldía,

Juan Carlos Bastos González, procede a presentar no Concello un novo proxecto denominado " PROXECTO TÉCNICO DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEIP XOSÉ MARÍA BREA SEGADE DE TARAGOÑA EN RIANXO. **MODIFICADO 19.11.2021.**

XII.Conforme ao indicado nas Bases reguladoras do POS +2019,

"8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento. Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello, e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Considerando que o proxecto licitado no ano 2021 contiña uns prezos de mercado do ano 2019, tendo en conta así mesmo que coa crise dos materiais (tal e como xustifica o redactor do modificado 19.11.2021) se produce unha subida de prezos que é preciso actualizar, e dado que ante a resolución do contrato administrativo de obras indicado anteriormente é preciso levar a cabo unha nova licitación do contrato, e sendo preciso levar a cabo a execución da citada obra polas razóns de interese público expostas na memoria de Alcaldía (os problemas urxentes a atallar de humidades, illamento térmico e deterioro xeral do patio cuberto do Colexio Brea Segade de Taragoña) enténdese así que procede a aprobación do modificado presentado no Concello polas causas de interese público expostas.

Incorpóranse ao expediente os Anexos V, Anexo VI, Anexo VII e VIII correspondentes ao Modificado.

Considerando que non se altera co proxecto modificado o contido do incluído no POS ADICIONAL 1/2019 2ª FASE, senón que unicamente se procede a unha revisión dos prezos de mercado en atención á antigüidade do proxecto incluído no plan provincial adicional, proxecto co que non se

podería levar a cabo unha nova licitación.

Logo de ver que á vista do incremento experimentado no seu orzamento conforme ás bases reguladoras do citado Plan Provincial (apartado 8 anteriormente transcrito) o incremento experimentado de 33.928,4 €) deberá ser asumido polo Concello, incremento que conta con informe favorable de intervención obrante no expediente.

Polo que en virtude do establecido no artigo 21.1 s) da LBRL , proponho ao Pleno a adopción do presente ACORDO:

PRIMEIRO:

De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o Proxecto “MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ M^a BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)” presentado no Concello en data de 07.12.2021 (R.E. nº 202199900002131) redactado Juan Carlos Bastos González, que en todo caso non supón modificacións de carácter substancial senón unha revisión dos prezos para adecualos aos de mercado en cumprimento do artigo 100 da LCSP ante a antigüidade do proxecto anterior, non podendo levar a cabo unha nova licitación cun proxecto tan antigo.

SEGUNDO:

Declarar que o concello comprométese a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal ao investimento financeiramente sostible incluídos na 2^a Fase do POS+ Adicional 1/2019 denominado “MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ M^a BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)”.

TERCEIRO

Dar conta do presente acordo á Deputación da Coruña.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 24/03/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate a sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO:

De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o Proxecto “MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ M^a BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)” presentado no Concello en data de

07.12.2021 (R.E. nº 202199900002131) redactado Juan Carlos Bastos González, que en todo caso non supón modificacións de carácter substancial senón unha revisión dos prezos para adecualos aos de mercado en cumprimento do artigo 100 da LCSP ante a antigüidade do proxecto anterior, non podendo levar a cabo unha nova licitación cun proxecto tan antigo.

SEGUNDO:

Declarar que o concello comprométese a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal ao investimento financeiramente sostible incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019 denominado "MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ Mª BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (MODIFICACIÓN 19.11.2021)".

TERCEIRO

Dar conta do presente acordo á Deputación da Coruña.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA COBERTURA DE PRAZAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

Dáse lectura da proposta presentada:

o Grupo Municipal popular no concello de Rianxo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno a seguinte Proposta de Moción, presentada no rexistro xeral do Concello co número de R.E. 202200000000850 de 17.03.2021:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante estes dous últimos anos o sistema sanitario español e tamén o galego foi sometido a un importante exame por mor da pandemia ocasionada pola covid-19 que afectou non só ao ámbito da atención hospitalaria, senón que tamén á atención primaria.

En atención primaria a Xunta de Galicia levaba xa anos TRABALLANDO para avanzar na súa reforma. De feito, antes da pandemia se aprobara e estaba en marcha o "plan galego de atención primaria 2019-2021" que fixou as liñas de traballo cara a unha primaria mais sólida, con máis recursos, maior autonomía e máis persoal. O Plan non só falaba de novas medidas, senón que ademais contemplaba a incorporación nestes últimos anos de 331 profesionais a este nivel asistencial.

Así mesmo contábase coa estratexia "Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde" que continúa sendo guía para acadar o obxectivo de que a atención primaria sexa o eixo medular do sistema sanitario público galego.

No marco destas dúas estratexias, xa se puxeron en marcha os primeiros 14 plans de saúde local que continuarán coa súa implantación no resto do territorio, as axendas de calidade, o CRM100 para a atención das chamadas recibidas nos centros de saúde, ou o protocolo para a xestión da demanda "XIDE". Con estas medidas refórzase a autonomía dos centros e permítese unha mellor xestión da demanda e da sobredemanda.

Sen embargo, o déficit de persoal médico de atención primaria en todo o sistema sanitario español, dificulta contar cos recursos humanos necesarios.

Para poder afrontar este problema, en Galicia hai anos que se implantaron medidas como o contrato de continuidade ou, mais recente, a incorporación de técnicos de saúde. A Xunta anuncio tamén unha convocatoria de prazas de médico especialista en atención primaria a través dunha oportunidade para incentivar a incorporación de facultativos naqueles concellos, como pode ser o noso, no que existen dificultades para a cobertura de prazas. Esta convocatoria será posible grazas a unha reforma legal que tanto BNG como PSdeG votaron en contra no Parlamento de Galicia

Ademais, hai cuestións que son competencia do Goberno do Estado que están sen resolver como atender á petición do Parlamento galego onde todos os grupos políticos solicitaron a creación da especialidade de urxencias, que permitirá mellorar a formación específica dos profesionais e evitar que os MIR de primaria, unha vez rematada a residencia, acaben traballando en urxencias. Tamén está pendente a incorporación de mais prazas de formación que amplíen o número de profesionais que se forman en Galicia para atención primaria, así como flexibilización do sistema de acreditación de prazas e a mellora do programa formativo de atención primaria.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Rianxo presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1. Instar ao Goberno de España:

- a. A eliminación das limitacións na taxa de reposición do persoal sanitario.*
- b. A creación, con tramitación preferente, da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, tal e como foi esixida de xeito unánime polo Parlamento de Galicia.*
- c. A flexibilización do sistema de acreditación de prazas de formación, así como a mellora do programa formativo da especialidade de medicina familiar e comunitaria.*
- d. A proceder á convocatoria extraordinaria de máis prazas MIR de medicina de familia ou, cando menos, resolver positivamente a solicitude de Galicia de incorporar 65 novas prazas formativas de medicina de familia a vindeira convocatoria.*

2. Apoiar a decisión da Xunta de Galicia, dada a negativa do Goberno central a tomar outras medidas para aumentar o número de médicos de familia, da creación dunha nova categoría de facultativo especialista en atención primaria e da regulación do seu acceso a través dun concurso de méritos para incentivar que se cubran as prazas da difícil cobertura, e solicitar que entre as ofertadas se inclúan prazas vacantes da centro de saúde de Rianxo

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, en sesión ordinaria do día 24/03/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate a sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal a inclusión do seguinte ACORDO:

1. Instar ao Goberno de España:

- a. A eliminación das limitacións na taxa de reposición do persoal sanitario.**
- b. A creación, con tramitación preferente, da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, tal e como foi esixida de xeito unánime polo Parlamento de Galicia.**
- c. A flexibilización do sistema de acreditación de prazas de formación, así como a mellora do programa formativo da especialidade de medicina familiar e comunitaria.**
- d. A proceder á convocatoria extraordinaria de máis prazas MIR de medicina de familia ou, cando menos, resolver positivamente a solicitude de Galicia de incorporar 65 novas prazas formativas de medicina de familia a vindeira convocatoria.**

2. Apoiar a decisión da Xunta de Galicia, dada a negativa do Goberno central a tomar outras medidas para aumentar o número de médicos de familia, da creación dunha nova categoría de facultativo especialista en atención primaria e da regulación do seu acceso a través dun concurso de méritos para incentivar que se cubran as prazas da difícil cobertura, e solicitar que entre as ofertadas se inclúan prazas vacantes da centro de saúde de Rianxo

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (4 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE, 4 dos membros do grupo PP, e un voto da concelleira de Ciudadanos), cero votos en contra e dúas abstencións (e 2 membros de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN PARA PETICIÓN DE NOVAS TITULACIÓNS PARA O IES FÉLIX MURIEL

A proposta do voceiro do grupo municipal Rianxo en Común propoñente da mesma , e en tanto que manifesta que quere introducir cambios polo que pretende formular unha nova proposta como Moción na presente sesión plenaria, se acorda por unanimidade dos presentes en aplicación do previsto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais a retirada da orde do día deste punto.

5 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO INSTANDO AO GOBERNO ESPAÑOL A RECONSIDERAR O SEU CAMBIO DE POSTURA SOBRE O SÁHARA OCCIDENTAL

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego do concello de Rianxo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno a seguinte Proposta de Moción, presentada na sede electrónica Concello co número de R.E. 202299900000402 de 21.03.2021:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de avalar durante décadas o referendo de autodeterminación no Sáhara Occidental como vía para dirimir as reclamacións de Marrocos sobre este territorio, o Goberno Español vén de oficializar un cambio de postura que avoga por converter a República Árabe Saharauí Democrática (RASD) -recoñecida por máis de 80 países- nunha rexión autónoma do reino alauita, pregándose así ás súas demandas e obviando a solución auspiciada por Nacións Unidas.

O Estado Español ten unha responsabilidade ineludible co pobo saharauí tras un pésimo proceso de descolonización que a partir de 1975 facilitou a ocupación do territorio por parte de Marrocos e obrigou á poboación local a fuxir cara Alxeria, onde hoxe máis de 170.000 persoas subsisten como refuxiadas grazas á axuda humanitaria nos campamentos de Tindouf, no canto de vivir dos recursos naturais que tiñan nas súas terras. Mentres tanto, o 80% da que fora a provincia número 53 de España segue invadido por Marrocos, separado por un muro de máis de 2.700 das zonas liberadas pola Fronte Polisario, muro no que desde novembro de 2020 continúa o enfrontamento armado. Nos territorios ocupados, a violación dos dereitos humanos é continua, tal e como denuncian organizacións especializadas pese ao “apagón informativo” que impide acceder e reportar con liberdade deste estes lugares.

Ante esta situación, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade denuncia que os intereses económicos e xeopolíticos non poden estar por enriba do compromiso adquirido co pobo saharauí, ao que o Estado Español non pode abandonar, unha vez máis, á súa sorte. Especialmente, tendo en conta o movemento solidario e a vontade expresada pola sociedade civil

en Galicia e noutras comunidades autónomas, que empatizan cunha poboación que ten o castelán como segundo idioma, entre outros moitos nexos de unión.

Por todo o exposto, o Concello de Rianxo ACORDA:

1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo subscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.
2. Instar ao Goberno Español a dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha aposta decidida por esta solución.
3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte a impiedade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.
4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharauí en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, en sesión ordinaria do día 24/03/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate a sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal a inclusión do seguinte ACORDO:

1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo subscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.
2. Instar ao Goberno Español a dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha aposta decidida por esta solución.
3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte a impiedade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.
4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharauí en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

Ábrese unha quenda de debate

O Concelleiro do grupo municipal PSOE Francisco Javier Garcia Ares, presenta unha ENMENDA á proposta incluída na orde do día, da que se dá lectura:

1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo suscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.
2. Reiterar ao Goberno de España a necesidade de seguir avalando o referendo de autodeterminación acordado por ámbalas dúas partes.
3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte á impunidade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.
4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar á Delegación Saharauí de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

Sometida a votación a ENMENDA, apróbase a mesma por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

Seguidamente sométese a votación a aprobación da PROPOSTA ENMENDADA, aprobándose a mesma por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen. Proposta que queda redactada nos seguintes termos:

- 1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo suscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.**
- 2. Reiterar ao Goberno de España a necesidade de seguir avalando o referendo de autodeterminación acordado por ámbalas dúas partes.**
- 3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte á impunidade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.**
- 4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar á Delegación Saharauí de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.**

6 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRA PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓ N NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego do concello de Rianxo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno a seguinte Proposta de Moción, presentada na sede electrónica Concello co número de R.E. 202299900000402 de 21.03.2021:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custo tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.
2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.
3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.
5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.
7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.
8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.
9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.
10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, en sesión ordinaria do día 24/03/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate a sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal a inclusión do seguinte ACORDO:

- 1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.**
- 2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.**

- 3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.**
- 4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.**
- 5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.**
- 6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.**
- 7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.**
- 8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.**
- 9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.**
- 10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVA POLA INVASIÓN DE UCRANIA. R.E. Nº 202200000000955 DE 24.03.2022

A proposta do voceiro do grupo municipal PSOE propoñente da mesma se acorda por unanimidade dos presentes en aplicación do previsto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais a retirada da orde do día deste punto.

8 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA CONDENAR A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, MOSTRAR A SOLIDARIEDADE CO POBO UCRANIANO E DEMANDAR O RETORNO Á VÍA DIPLOMÁTICA PARA ACADAR A PAZ

A proposta do voceiro do grupo municipal BNG propoñente da mesma se acorda por unanimidade dos presentes en aplicación do previsto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais a retirada da orde do día deste punto.

9 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE CONDENANDO A INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA

A proposta do voceiro do grupo municipal PSOE propoñente da mesma se acorda por unanimidade dos presentes en aplicación do previsto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais a retirada da orde do día deste punto.

10 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONDENA DA INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA

A proposta do voceiro do grupo Popular propoñente da mesma se acorda por unanimidade dos presentes en aplicación do previsto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais a retirada da orde do día deste punto.

PARTE DE CONTROL

11 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2022 ata o 28/02/2022, que comprenden os números 01/2022 ao 160/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta nº 2 da Sesión extraordinaria do día 24/02/2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

12 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2023-25

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2022/X006/000008

Dáselle conta ao Pleno da Resolución núm. 200, do 15/03/2022, pola que se aprobou o Plan Orzamentario a Medio Prazo 2023-25:

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Actualmente non se dispón do borrador do orzamento de 2022, polo que para os datos de 2022 partírase das previsións iniciais do orzamento prorrogado, salvo no tocante aos gastos derivados da débeda, que se estiman a partir dos datos actuais de capital vivo e dos importes actualizados das amortizacións ordinarias, e o ICIO, para o que se estima un importe superior ás previsións iniciais prorrogadas e para todo o período.

O contexto actual que afecta a economía a medio prazo é de incertidume pola actual situación mundial: a pandemia da COVID puxo en marcha medidas expansivas da Unión Europea en forma de axudas co fin de impulsar a saída da crise económica e fomentar a adaptación das infraestruturas estatais aos desafíos tecnolóxicos, cambio climático, entre outros. Así mesmo, como consecuencia da redución económica mundial provocada pola crise sanitaria iniciouse unha tendencia inflacionista que, actualmente coa situación en Ucraia, semella que non se vai corrixir

a curto prazo. O anuncio do Banco Central Europeo de reducir a compra de débeda pública dos estados membros co fin de controlar a inflación fai prever que os tipos de xuros poidan incrementarse.

Ante este contexto de incertidume, considerouse conveniente realizar un plan orzamentario a medio prazo conservador e prudente nas estimacións, co fin de xerar un superávit co que poder acometer políticas expansivas ante unha posible situación de crise económica máis grave. Hai que ter en conta que o orzamento é unha ferramenta viva que se aproba anualmente e que, dentro de cada exercicio económico, pode ser obxecto de modificacións. Dentro dos tipos de modificacións cuantitativas están as que se financian con remanente de tesourería, que é fundamental que adquiera valores positivos, especialmente nestes tempos de inestabilidade económica para poñer en marcha políticas de carácter extraordinario.

1. INGRESOS

Ante a situación descrita, considérase necesario considerar un escenario prudente na estimación dos ingresos, polo que non se prevén cambios substanciais.

1.1 IBI

No 2012 aprobouse unha Ponencia de valores que, anualmente, foi elevando a base liquidable dos padróns do imposto. O último exercicio no que se producirán estes efectos será o 2022. Polo tanto, a partir de 2023 xa non haberá incrementos da base liquidable por este motivo.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Ibi	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47

1.2 Resto de impostos, taxas, prezos públicos e outros ingresos

Aínda que é intención retomar coa actualización anual das cotas tributarias dos principais impostos e taxas, por prudencia non se reflectiu neste documento un gran incremento. Prevese unha porcentaxe de incremento no IVTM e no conxunto de taxas e prezos públicos. Mantívose o criterio de prudencia á hora de estimar a evolución de impostos como a *plusvalía* (IIVTNU).

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.853.872,10	-1,38%	2.814.452,10	0,20%	2.820.087,90	0,20%	2.825.780,06

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Ibi	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47	0,00%	2.059.535,47
Iae	76.336,63	0,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63
Ivrm	558.000,00	1,00%	563.580,00	1,00%	569.215,80	1,00%	574.907,96
Ivtnu	60.000,00	-75,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00
Icio	100.000,00	0,00%	100.000,00	0,00%	100.000,00	0,00%	100.000,00
Cesión impuestos estado					0,00		
Ingresos cap 1 y 2 non incluídos anter.					0,00		
Cap 3. taxas, precios pº y otros	1.470.013,00	1,00%	1.484.713,13	2,00%	1.514.407,39	2,00%	1.544.695,54

1.3 Transferencias e subvencións correntes

Seguindo o criterio da prudencia contable, non se estimaron incrementos nas subvencións finalistas.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Cap 4. Transferencias crr	5.784.544,00	-2,04%	5.666.796,70	0,21%	5.678.540,83	0,21%	5.690.343,68
PTE	2.337.140,00	0,50%	2.348.825,70	0,50%	2.360.569,83	0,50%	2.372.372,68
Resto cap 4	3.447.404,00	-3,75%	3.317.971,00	0,00%	3.317.971,00	0,00%	3.317.971,00

1.4 Transferencias de capital

Seguiuse un criterio análogo ao das subvencións correntes.

A) Detalle de ingresos de capital	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Total de ingresos de capital	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00

1.5 Ingresos financeiros

Non se considerou a formalización de ningunha operación nova de endebedamento.

A) Detalle de ingresos financeiros	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	0,00		0,00		0,00		0,00
Total de ingresos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00

1.6 Resumo

Ingresos	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Ingresos corrientes	10.108.429,10	-1,41%	9.965.961,93	0,47%	10.013.036,12	0,48%	10.060.819,28
Derivados de evolución tendencial	10.108.429,10	-1,41%	9.965.961,93	0,47%	10.013.036,12	0,48%	10.060.819,28
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias							
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados							
Medida 3: Correcta financiación de taxas y precios públicos							
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos							
Ingresos de capital	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de evolución tendencial	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de modificaciones de políticas							
Ingresos no financieros	10.508.429,10	-1,36%	10.365.961,93	0,45%	10.413.036,12	0,46%	10.460.819,28
Derivados de evolución tendencial	10.508.429,10	-1,36%	10.365.961,93	0,45%	10.413.036,12	0,46%	10.460.819,28
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00
Ingresos financieros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00

Ingresos	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Derivados de evolución tendencial	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Derivados de modificaciones de políticas							
Ingresos totales	10.518.429,10	-1,35%	10.375.961,93	0,45%	10.423.036,12	0,46%	10.470.819,28
Derivados de evolución tendencial	10.518.429,10	-1,35%	10.375.961,93	0,45%	10.423.036,12	0,46%	10.470.819,28
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00

2. GASTOS

En canto á evolución dos gastos, seguíronse os seguintes criterios:

- Consideración de incremento da masa salarial.
- Incremento do capítulo 2 de gastos correntes e servizos como consecuencia da tendencia inflación.
- A pesar de que non se prevé a formalización de novo endebedamento, mantense constante a previsión de gastos correntes financeiros ante posibles incrementos do tipo de xuro, xa que a débeda bancaria municipal está referenciada con tipo de xuro variable.
- Incrementábase en 100.000 € o esforzo investidor municipal (investimentos reais – transferencias de capital) ante os incrementos de prezos dos materiais no sector da construción.
- A amortización de débeda pública estimouse a partir dos datos actuais de capital vivo e das amortizacións ordinarias actualizadas.

2.1 Gastos de persoal

No caso dos gastos de persoal preveuse un incremento do 3 por cento, por prudencia. No 2022 o incremento da masa salarial fíxose nun 2 por cento pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Capítulo 1. Gastos de persoal	3.228.300,00	3,00%	3.325.149,00	3,00%	3.424.903,47	3,00%	3.527.650,57

2.2 Gastos en bens correntes e servizos

O incremento deste capítulo de gasto fixouse nunha porcentaxe do 7 por 100, debido á necesidade de conter o gasto corrente, co fin de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e mellorar o período medio de pago a provedores.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 2. Gastos correntes en bienes y servicios	4.118.823,00	7,00%	4.407.140,61	7,00%	4.715.640,45	7,00%	5.045.735,28

2.3 Gastos financeiros e amortización de préstamos

A) Detalle de gastos financeiros	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Capítulo 3. Gastos financeiros	18.000,00	0,00%	18.000,00	0,00%	18.000,00	0,00%	18.000,00

A) Detalle de gastos financeiros	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Capítulo 9. Gastos por pasivos financeiros	217.448,43	29,10%	280.732,90	23,65%	347.118,34	0,00%	347.118,34

A amortización prevista é a seguinte:

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Capital pendiente 31/12/2021	Amortización ordinaria 2022	Capital pendiente 31/12/2022	Xuros	Amortización anual	Amortización ordinaria 2023	Amortización ordinaria 2024	Amortización ordinaria 2025
PAI 2015	Deputación Provincial	2023-32	204.423,20	0,00	204.423,20		20.442,32	20.442,32	20.442,32	20.442,32
PAI 2016	Deputación Provincial	2024-33	222.852,95	0,00	222.852,95		22.285,30		22.285,30	22.285,30
POS 2017	Deputación Provincial	2023-32	184.769,03	0,00	184.769,03		18.476,90	18.476,90	18.476,90	18.476,90
POS 2018	Deputación Provincial	2024-33	235.184,48	0,00	235.184,48		23.518,45		23.518,45	23.518,45
POS 2019	Deputación Provincial	2023-32	187.077,56	0,00	187.077,56		18.707,76	18.707,76	18.707,76	18.707,76
POS 2020	Deputación Provincial	2024-33	205.817,02	0,00	205.817,02		20.581,70		20.581,70	20.581,70
POS 2021	Deputación Provincial	2023-32	56.574,89	0,00	56.574,89		5.657,49	5.657,49	5.657,49	5.657,49
Préstamo para a	Banco Sabadell	30/06/2021-31/03/2029	1.288.814,81	177.767,60	1.111.047,21	4.897,50	177.767,60	177.767,60	177.767,60	177.767,60

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Capital pendente 31/12/2021	Amortización ordinaria 2022	Capital pendente 31/12/2022	Xuros	Amortización anual	Amortización ordinaria 2023	Amortización ordinaria 2024	Amortización ordinaria 2025
adquisición do Pazo de Rianxiño										
Préstamo para a actuación de Renovación de luminarias (LED)	Banco Sabadell	05/09/2021-30/06/2025	148.803,13	39.680,83	109.122,30	982,10	39.680,83	39.680,83	39.680,83	39.680,83
Total			2.734.317,07	217.448,43	2.516.868,64	5.879,60	347.118,34	280.732,90	347.118,34	347.118,34

2.4 Transferencias correntes

Prevese un mantemento do importe deste capítulo.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Capítulo 4. Transferencias corrientes	291.030,00	0,00%	291.030,00	0,00%	291.030,00	0,00%	291.030,00

2.5 Inversións reais

Os importes dos investimentos reais calculáronse tomando como base un esforzo investidor do concello de 200.000 € para todos os exercicios, xunto coas transferencias de capital previstas de 400.000 €.

A) Detalle de gastos de capital	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 6. Inversións reais	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00		0,00
Total de gastos de capital	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00

2.6 Resumo

Gastos	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Gastos corr	7.656.153,00	5,03%	8.041.319,61	5,08%	8.449.573,92	5,12%	8.882.415,86

Gastos	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)	% taxa variación 2025/24	Año 2025 (€)
Derivados de evolución tendencial	7.656.153,00	5,03%	8.041.319,61	5,08%	8.449.573,92	5,12%	8.882.415,86
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00
Medida 1: Reducción de costes de personal							
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib			0,00		0,00		0,00
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos							
Medida 4: Reducción del nº consejeros							
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias							
Medida 6: Reducción del personal de confianza							
Medida 7: Contratos a internalizar							
Medida 8: Disolución de empresas pdas.							
Medida 9: Estudios de viabilidad en inv							
Medida 10: Reducción de citos menores							
Medida 11: Reducción de cargas admvtvas							
Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras							
Gastos de capital	700.000,00	0,00%	700.000,00	0,00%	700.000,00	0,00%	700.000,00
Derivados de evolución tendencial	700.000,00	0,00%	700.000,00	0,00%	700.000,00	0,00%	700.000,00
Derivados de modificaciones políticas							
Medida 16: No ejecución inversión							
Medida 17: Otras							
Gastos no financieros	8.356.153,00	4,61%	8.741.319,61	4,67%	9.149.573,92	4,73%	9.582.415,86
Derivados de la evolución tendencial	8.356.153,00	4,61%	8.741.319,61	4,67%	9.149.573,92	4,73%	9.582.415,86
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00
Gastos financieros	227.448,43	27,82%	290.732,90	22,83%	357.118,34	0,00%	357.118,34
Derivados de evolución tendencial	227.448,43	27,82%	290.732,90	22,83%	357.118,34	0,00%	357.118,34
Derivados de modificaciones políticas							
Gstos totales	8.583.601,43	5,22%	9.032.052,51	5,26%	9.506.692,27	4,55%	9.939.534,20
Derivados de evolución tendencial	8.583.601,43	5,22%	9.032.052,51	5,26%	9.506.692,27	4,55%	9.939.534,20
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00

3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2022-25 son:

Concepto	Importe	Débeda viva/ingresos correntes
Débeda viva 31/12/2022	2.516.868,64	0,25
Débeda viva 31/12/2023	2.236.135,74	0,22
Débeda viva 31/12/2024	1.889.017,40	0,19
Débeda viva 31/12/2025	1.541.899,06	0,15

Os axustes SEC cuantificáronse en -100.000 € en todos os exercicios do período, seguindo un criterio de prudencia.

De todo o anterior, resulta que o concello cumpriría en todos os exercicios o obxectivo de estabilidade orzamentaria:

Ano	Saldo de operacións non financeiras	Axustes SEC	Capacidade de financiamento
2021	2.152.276,10	-100.000,00	2.052.276,10
2022	1.624.642,32	-100.000,00	1.524.642,32
2023	1.263.462,20	-100.000,00	1.163.462,20
2024	878.403,42	-100.000,00	778.403,42

4. PASIVOS CONTINXENTES

Non se contemplan.

En virtude da competencia atribuída a esta Alcaldía, de acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Aprobar o plan orzamentario a medio prazo 2023-25. cos datos indicados nos antecedentes.

SEGUNDO

Remitirle ao Ministerio de Facenda e por parte da Intervención Municipal a dita información a

través da aplicación de captura da Oficina Virtual coas Entidades Locais.

TERCEIRO

Darlle conta ao Pleno deste acordo na próxima sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

13. DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN CERTIFICADA DE FACTURAS REMITIDA PARA A SÚA INCLUSIÓN NO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES 2022 (MPP 2022) NA PRIMEIRA FASE DO PROCEDIMENTO

Dáse lectura da proposta presentada:

Relación certificada de facturas remitidas para a súa inclusión no Mecanismo de Pago a Provedores 2022 (MPP 2022)

Expte.: 2022/X999/000172

De acordo co apartado tres da disposición adicional nonaxésima cuarta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención emitido o 10/03/2022, que se transcribe a continuación:

ANTECEDENTES

A disposición adicional nonaxésima cuarta da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 (LOXE 2022), contempla a posta en marcha dun procedemento extraordinario de financiamento que permitirá a cancelación das obrigacións pendentes de pago líquidas, vencidas e esixibles anteriores ao 1 de xullo de 2021, daquelas Entidades Locais que sexan receptoras da participación en tributos do Estado e cuxo período medio de pago a provedores superase os 30 días en decembro de 2020 ou marzo ou xuño de 2021. O dito procedemento detallouse na Resolución do 7 de xaneiro de 2022, da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, pola que se establecen as instrucións relativas ao calendario, actuacións, contido dos plans de axuste, e da súa revisión, e dos modelos para utilizar no procedemento extraordinario de financiamento para a cancelación de obrigas pendentes de pago de determinadas entidades locais.

O dito procedemento é de obrigatoria adhesión para as entidades locais afectadas, non así para os provedores, para os que a súa adhesión é totalmente voluntaria, xa que a cumprimentación dos trámites que lles afectan precisan da súa expresa aceptación.

O Ministerio de Facenda publicou na Oficina Virtual de entidades locais (OVEL) a listaxe de entidades que están afectadas polo dito procedemento extraordinario. Nesa listaxe atópase o Concello de Rianxo, polo que por parte desta Intervención procedeuse ao exame das facturas que quedarían afectadas polo MPP.

O apartado dous da antedita DA 94ª LOXE establece os requisitos que deben cumprir as obrigas que se inclúen dentro do ámbito de aplicación do mecanismo de pagos:

As obrigacións pendentes de pago aos provedores han de reunir todos os requisitos seguintes:

a) Ser vencidas, líquidas e esixibles e non estar suxeitas a procedementos de embargo, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

b) Que a recepción, no rexistro administrativo da entidade local, da correspondente factura, factura rectificativa no seu caso, ou solicitude de pago equivalente tivese lugar antes do 1 de xullo de 2021.

c) No caso de obrigacións anteriores ao exercicio 2021 terán que contabilizarse antes de 31 de xaneiro deste ano; e, no caso de obrigacións correspondentes a 2021 terán que estar contabilizadas neste exercicio. Todas as obrigacións anteriores deberán quedar aplicadas, se non hai máis remedio, ao orzamento de 2022.

Asemade, estas obrigas deben derivar dunha serie de relacións xurídicas indicadas no mesmo precepto. No que atinxe ao Concello de Rianxo, as ditas relacións derivan de contratacións rexidas pola normativa de contratos do Sector Público.

A primeira fase do calendario do procedemento abrangue desde o 17 de xaneiro ata o 11 de febreiro de 2022, na que correspóndelle á Intervención Municipal a remisión dunha relación certificada de facturas ante a AEAT, da que deberá darlle conta ao Pleno da Corporación.

Á vista do exposto, INFORMO

A relación de facturas remitidas na primeira fase do MPP ante a AEAT é a seguinte:

Identificador Factura Plataforma	Razón Social Proveedor	Identificador Factura EE.LL.	Referencia Factura del Proveedor	Ejercicio Contabilizado	Importe Total Original	Importe Total Pendiente Pago	Fecha Entrada Registro Administrativo	Fecha Presentación Recurso	Partida Presup.
41212	GONZALO JOSÉ SARASQUETE FERNÁNDEZ	F/2020/4478	23/03/2018	2021	5,250.00	5,250.00	13/11/2020	15/03/2021	338.62900
142105	MARTA PAZ EIROA	F/2020/4416	20F0053	2020	260.15	260.15	06/11/2020		333.219.00
138694	ACADEMIA BUBELA	F/2020/4548	1	2020	120.00	120.00	18/11/2020		241.226.06
138687	MANUEL AYASO	F/2020/416	ene-20	2020	500.00	500.00	03/02/2020		334.226.09

Identificador Factura Plataforma	Razón Social Proveedor	Identificador Factura EE.LL.	Referencia Factura del Proveedor	Ejercicio Contabilizado	Importe Total Original	Importe Total Pendiente Pago	Fecha Entrada Registro Administrativo	Fecha Presentación Recurso	Partida Presup.
	DIOS								
Total					6,130.15	6,130.15			

Do que se informa para a súa dación de conta ao Pleno da Corporación.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

MOCIÓNS

De acordo co indicado no artigo 91.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidenta pregunta aos grupos si desean someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas.

Formúlanse as seguintes Mocións:

MOCIÓN AO PLENO DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN PETICIÓN DE NOVAS TITULACIÓNS PARA O IES FÉLIX MURIEL

Xustificada a urxencia da inclusión da moción a orde do día polo voceiro do grupo municipal Rianxo en Común, acórdase a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

A continuación o voceiro do grupo municipal propoñente da conta do texto da Moción:

O Grupo Municipal de Rianxo en Común, por medio do seu Portavoz Julián Bustelo, ao amparo do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real Decreto 2568/1986, de 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte **MOCIÓN** de proposta de PETICIÓN DE NOVAS TITULACIÓNS PARA O IES FÉLIX MURIEL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que a xente nova do noso municipio dispoña de unha oferta educativa acorde cos tempos en que vivimos é unha prioridade para o noso grupo político. A formación contribúe a ampliar os horizontes vitais dos individuos, e a facer máis prósperas e democráticas as comunidades nas que se integran.

As fontes de formación víronse multiplicadas nos últimos anos pola revolución dixital, e é por ese motivo, entre outros, polo que temos traído a este pleno propostas para acadar mellores coberturas de telefonía, acceso á banda larga, etc.

Esta explosión á que vimos de referirnos abre, sen dúbida, novas oportunidades, pero tamén presenta algúns problemas. Un dos máis importantes ó noso entender é a creación dunha falsa percepción de acceso universal ós coñecementos, cando o que se esconde detrás en moitas ocasións son propostas de formación barata para pobres. Consideramos polo tanto moi importante manter unha rede de formación inicial pública actualizada e suficiente.

Os cambios que se foron producindo no municipio co paso do tempo, fixeron necesario que a oferta formativa se fora actualizando. Por non remontarnos moito, a mediados dos anos oitenta fíxose patente a necesidade dun instituto de educación secundaria. Dez anos máis tarde, por mor da extensión da educación obrigatoria, a oferta de secundaria tivo que ser ampliada. Con posterioridade implantouse un ciclo medio de formación profesional que viña a substituír a outro que non tiña demanda.

Pero levamos xa un tempo en que esta oferta non foi ampliada e non é, desde o noso punto de vista, porque non haxa necesidade de facelo. Xa no momento en que se implantou o ciclo medio que agora está en funcionamento se demandaba algún ciclo superior. Tamén se demandou con anterioridade, algunha oferta de formación de idiomas, ou mesmo formación básica de adultos.

En canto á oferta de ciclos superiores, somos o único concello da contorna de tamaño similar ó noso, que non temos ningunha oferta de educación superior. Para suplir esta carencia queremos facer a proposta dun ciclo da familia de Enerxía e Auga, ben o CS de Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica; ou ben o CS de Enerxías Renovables. Baseamos esta proposta, que podería ser modificada por outra mellor fundamentada, en que estamos nun momento de transición de modelo enerxético, que estamos sufrindo de xeito dramático estes días, pero que lonxe de ser conxuntural parece que se vai acelerar, o cal requirirá cambios moi importantes nos edificios e equipamentos, e que abrirá polo tanto moi boas perspectivas laborais. O primeiro dos ciclos que mencionabamos só é ofertado en cinco centros en Galicia, estando o máis próximo a Rianxo en Vigo. En canto ó segundo ciclo, o de enerxías renovables, só o ofertan dous centros en Galicia, un en Culleredo e outro en Vigo.

En canto a ensinanza de idiomas, non parece necesario destacar a importancia que con fins académicos, laborais, etc., ten o coñecemento e acreditación do inglés nos niveis B1, B2 e C1. Oferta que non necesitaría de novas instalacións, e que non chegaría a ocupar nin o horario completo dun profesor de escola de idiomas. Como no caso anterior, esta proposta está aberta, a ser completada ou modificada por outra mellor fundamentada.

Por todo o exposto, propónselle o pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- Convocar o Consello Escolar Municipal coa finalidade de abordar solicitude de ampliación da oferta de ciclos formativos no IES Félix Muriel.

- Solicitar da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o IES Félix Muriel de Rianxo, unha extensión da EOI de Santiago na que se impartan os niveis B1, B2 e C1 de inglés.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS EN PROL DA PAZ E EN CONTRA DA INVASIÓN DE RUSA EN UCRAÍNA.

Xustificada a urxencia da inclusión da moción a orde do día pola Presidenta, acórdase a súa inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 membros que a constitúen.

A continuación a Presidencia da conta do texto da Moción:

O pasado 24 de febreiro perpetúose unha grave agresión á República Popular de Ucraína da man das tropas rusas invadindo parte do seu territorio. Unha agresión a un país soberano da man das tropas rusas invadindo parte do seu territorio. Unha agresión a un país soberano (lembremos que Ucraína ratificou a súa independencia da Unión Soviética en 1991) que está desembocando nunha traxedia humanitaria na zona que afecta a toda Europa. Debemos poñerlle freo.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación adopta a seguinte declaración:

- 1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e a total solidariedade co pobo ucraíno.**
- 2. Petición dun inmediato algo ao fogo e a retirada das tropas rusas do seu territorio.**
- 3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos acordos de Minsk, e a traballar pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.**
- 4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.**
- 5. Que o Goberno municipal de Rianxo faga o maior esforzo posible na acollida de persoas ucraínas, garantíndolles unha vida digna.**
- 6. Que coa finalidade de axudar ás economías familiares e aos sectores económicos perxudicados, todas as administracións (Concello de Rianxo, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Goberno do Estado e Unión Europea) implementen o maior número de medidas ao respecto.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción anteriormente transcrita

14 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=h3Y_KQLibIw